

RESOLUCIÓN POLA QUE SE ADXUDICA O CONTRATO DUNHAS OBRAS DIRIXIDAS Á MELLORA DOS SISTEMAS DE DIFUSIÓN E ASPIRACIÓN INSTALADOS NUNHA NAVE DE LOUSA

O día 9 de novembro de 2015 foi ditada unha resolución na que se recolle a clasificación, por orde decrecente, das proposicións presentadas polos licitadores, atendendo aos criterios de adxudicación e aspectos obxecto de negociación que se recollen nos pregos de condicións.

A empresa *Sociedad Gestora de Mantenimientos, Instalaciones y Proyectos, S.L.* (SOGEMAN) foi requirida, como licitador que presentou a oferta economicamente máis vantaxosa, para que no prazo de dez días hábiles achegase a documentación que se contempla na cláusula 10 do prego de condicións.

O devandito requirimento foi atendido o día 20 de novembro de 2015.


Tendo en conta canto antecede, e de conformidade coas facultades que teño conferidas en virtude dos Estatutos da A.C.P.G.,

ACORDO:

Primeiro.- Adxudicar o contrato dunhas obras dirixidas á mellora dos sistemas de difusión e aspiración instalados nunha nave de lousa á empresa *Sociedad Gestora de Mantenimientos, Instalaciones y Proyectos, S.L.* (SOGEMAN), titular do CIF B-36579480, polo importe total de setenta e oito mil seiscientos cincuenta euros (78.650,00 €), sendo sesenta e cinco mil euros (65.000,00 €) a base imponible, e sendo trece mil seiscientos cincuenta euros (13.650,00 €) a cota do Imposto sobre o Valor Engadido.

Segundo.- Requirit ao adxudicatario para a formalización do contrato dentro do prazo de quince (15) días hábiles dende a comunicación da presente resolución, ao que se lle engadirá, formando parte integrante do mesmo, a oferta do adxudicatario (conformando o Anexo I) e un exemplar do prego de condicións e de prescricións técnicas que rexeron o procedemento de contratación (conformando o Anexo II), debidamente asinados polo contratista.

Terceiro.- Comunicar a presente resolución aos licitadores.





Cuarto.- Informar aos licitadores non adxudicatarios que a documentación que xuntaban ás súas proposicións se encontra á súa disposición.

Sobradelo de Valdeorras, 23 de novembro de 2015

O Presidente da Asociación Clúster da Pizarra de Galicia
Asdo. D. Víctor M. Cobo Arias

